



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

... e así. Non sei. Eu, onde me criei había un libro, a ver se sería deso. Había un libro que lle chamaban o Lunar Perpetuo.

- Ai, o Lunario Perpetuo.

Eso. E decía..., era un libro de moitísima estimación, moito me pesou cando marchei da casa non o traer, non escapar con el para aquí.

- Aínda teño eu un.

Aquel era a farra dos mozos -que estaba sempre a casa chea de mozos- e mi padre lía nel e decía o xenio que tiña cada un e como era. E decían: “Leame a min” -chamabanlle Fernando a mi padre-, “Leame a min tío Fernando, leme o meu signo”. “Cando naciches?” “En tal mes e tal...”. “Le o meu signo”. A un decíalle que era amigho de ir falando solo entre si, que tiña moito xenio pero que pronto lle pasaba. Unhas risazas todos co demo do... signo. Pero decía o libro, decía: “La mujer que tenga lunares bellosos en la cara le será a un hombre difícil desembarazarse de ella.” Desinhibirse, non sabes? O libro decía así, pero conócese que era desinhibirse dela. E eu tíñaos, aínda os teño hoxe. Aínda teño deses lunares que aínda lle ando arrincando así as... Tiña tres: este, aquí un e outro aquí. Neste daquí da frente non tiña bello pero nos outros tíñaos. Eu non sei de que era, porque eu nin era ghraciosa, nin son ghraciosa, nin ghuapa en cambio os mozos, como me perseghían. Porque bailar-e, eu non sei como bailaba, porque claro, eu a min non me vía. Desde logho, eu facía o mellor que podía. Pero, eu tiña sempre con quen bailar e era a primeira sempre que salía ao baile. Eu por bailar era doente. Amighísima de bailar, en mi vida, non tiven filla ningunha que me emitase. Non. Teño dúas que bailan o suelto moi ben, dúas fillas. Pero... e os fillos tamén bailan moi ben a non ser o máis novo, o máis novo emítalle a seu pai. Baila pero non se lle presta o corpo, xa é moi ghrande, xa é el tamén moi alto que tamén seu pai, tamén seu pai era moi ghrande.